

Expedientes	2023028671
Asunto	Solicitud de reiteración de resposta a cuestións relativas ao Plan Concellos Liña 3.
Trámite	Resolución de inadmisión

O presidente, en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Con data 17 de abril de 2023 recibíase a través de SIR unha nova solicitude de\*\*\*\*\*  
co seguinte alcance *"Me dirijo a usted para pedir, de ser posible, que me responda a la pregunta que expondré a continuación sobre "plan concellos, tercera línea de empleo de obras y servicios"*.

En relación con esta nova petición, resulta obrigado referirse de novo aos antecedentes que obran nesta Administración, con resolucións e contestacións expresas en relación a cuestións idénticas ou similares formuladas pola mesma persoa solicitante, a última resolta o pasado 25 de outubro de 2022.

Entrando, novamente, no ámbito obxectivo da petición debemos indicar que analizada a petición, esta ven referida a dúas cuestións diferenciadas:

A primeira das cuestión refírese a xestión dos perfís, categorías profesionais e número de persoas solicitadas polo Concello de Baiona solicitando que se responda ao seguinte:

*"En la solicitud de la subvención par ael plan arriba indicado los ayuntamientos deben hacer una memoria global de las actuaciones que vana a desenvolver, ¿verdad? Deben indicar a su vez el perfil, categoría profesional y número de personas solicitadas.*

*En ese caso, no comprendo cómo desde Diputación en un escrito enviado el 20/07/22 haya datos que no coincidan:*

- *En 2021 figura que el ayuntamiento pide a Diputación "1 operario de recogida de basura", PERO al servicio público de empleo, le pide "barredores".*
- *En 2022 figura que el ayuntamiento pide a Diputación "14 operarios de servicis múltiples" PERO al servicio público de empleo, le pide "mantenedores de edificios".*
- *E imagino que, este año, ha pasado lo mismo.*

*Cabe decir que de todas formas, hay códigos de ocupación que están usando que no existen y ellos lo usan a discreción. Y no creo que sea necesario que le diga yo cuales son.*

*Por todo esto que le he explicado; ¿puede decirme cómo es posible que no encuentre esto una irregularidad?"*

Deste xeito, entrando no elemento obxectivo desta petición, debemos indicar que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), no seu artigo 12.4, regula o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, segundo o artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións".

Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque el mesmo elaborouna ou ben porque a obtivo en exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Así, en relación á primeira das cuestións suscitadas debemos remitirnos á Resolución Presidencial do 9 de xuño de 2022, xa notificada á persoa solicitante. Nesta resolución inadmítese a súa solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1.c) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 88.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia, o seu carácter repetitivo e abusivo e carecer esta de fundamento.

En relación con isto cómpre indicar ademais, que con Resolución n. RSCTG 100/2022, notificada o 12 de xullo de 2022, a Comisión da Transparencia de Galicia confirmou o devandito criterio xurídico desta Deputación ao desestimar a reclamación presentada contra dúas resolucións nas que se acordaba a inadmisión ante peticións de acceso con contido sustancialmente idéntico á presente.

Con respecto a segunda das cuestións sobre a solicitude de copia das modificacións realizadas polo Concello de Baiona sobre o Plan Concellos, reiteramos, como xa foi exposto no oficio de remisión da solicitude ao Concello de Baiona de data 7/09/2022, \*\*\*\*\*, e na Resolución de data 25/10/2022 á solicitude de \*\*\*\*\*, con \*\*\*\*\*; a documentación solicitada foi elaborada na súa integridade polo Concello de Baiona.

Deste xeito, con data 08/09/2022 ás 13:18:28, segundo o previsto no artigo 19.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG), déuselle traslado, por SIR, ao Concello de Baiona da solicitude de \*\*\*\*\*

\*\*\*\*\* , para que decida sobre o acceso á documentación solicitada. Esta previsión ten por obxecto preservar a súa capacidade de decisión sobre o acceso á información solicitada para que proceda a resolver sobre o acceso solicitado [CTBG 87/2016, do 7 de xuño].

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra e en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** INADMITIR a solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1. e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 88.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia, o seu carácter repetitivo e abusivo e carecer esta de fundamento.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional [www.depo.gal](http://www.depo.gal), unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

NOTIFÍQUESE A \*\*\*\*\*

\*\*\*\*\*